

“CONSTANTINO BELLÓN”

O “**CONSTANTINO BELLÓN**”, é unha plataforma, creada polo Ateneo Ferrolán, para servir de canle de expresión e presentación de novas pezas de autores e axudar a manter e potencia-la música tradicional de gaita galega.

O “**CONSTANTINO BELLÓN**” é un concurso de composición e interpretación de gaita que pretende mante-lo xeito de toca-la gaita galega con técnica e xiros propiamente galegos.

O “**CONSTANTINO BELLÓN**” pretende recolle-la mais pura tradición gaiteril e manter, ó longo dos anos, un lugar de encontro e intercambio para tódolos gaiteiros galegos.

Ó chamarlle “**CONSTANTINO BELLÓN**”, aquel grande mestre gaiteiro, quixemos render unha pequena homenaxe a todos aqueles que, a través dos tempos e camiños cheos de atrancos, souberon manter vivo o son da nosa cultura ata os nosos días.

O **ATENEO FERROLÁN**, quere expresa-lo seu agradecemento a aquelas entidades e institucións que participan coa súa colaboración e apoio económico; a viúva de Luís Seoane, pola súa autorización para a utilización do seu debuxo, como logotipo do concurso; e como non, a tódolos gaiteiros e persoas que veñen colaborando na elaboración e organización do concurso de gaita galega “**CONSTANTINO BELLÓN**”.

XVIIº Concurso de Gaita Galega “Constantino Bellón”

BASES

1.- Poderán tomar parte tódolos gaiteiros que o desexen. As gaitas poderán estar afinadas en calquera tonalidade. A interpretación será sen acompañamento.

2.- REQUISITOS:

2.1) Os concursantes deberán enviar ó Ateneo Ferrolán (Rúa Magdalena, 202-204, 1º. Ferrol) un CD gravado coa peza **Danza do gato e o rato de Iván Costa Blanco**, facendo constar na mesma o pseudónimo adoptado.

2.2) A partitura orixinal dunha peza inédita composta expresamente para este Concurso e unha copia da partitura da peza tradicional ou de autor.

3.- PLICAS.

3.1) Os concursantes deberán enviar o CD nun sobre pechado identificado co pseudónimo adoptado. Este sobre deberá incluírse noutro, co mesmo pseudónimo no exterior e acompañado da seguinte documentación: partituras - orixinal e tradicional-, así como os seus datos persoais: nome, apelidos, enderezo e teléfono.

3.2) A non cumprimentación dos anteriores requisitos é excluínte da selección para o concurso.

4.- As partituras ficarán en propiedade do Ateneo Ferrolán.

5.- Co obxectivo de promociona-la participación da Galicia do exterior créase un apartado específico, dirixido ós gaiteiros das comunidades galegas da emigración, chamado “**Gaitero de Soutelo**”.

6.- Na final actuarán, como máximo, un total de catorce gaiteiros repartidos do seguinte xeito:

* Dez finalistas seleccionados polas gravacións presentadas directamente ó Ateneo Ferrolán, tal e como se contempla nestas Bases.

* Catro finalistas seleccionados segundo se especifica no Premio “Gaitero de Soutelo”.

Tódolos finalistas vestirán obrigatoriamente o traxe tradicional galego, o cal terase en conta por parte do Xurado.

7.- A interpretación no Concurso constará de :

7.1) Unha peza inédita, creada expresamente para a presente edición do Concurso “**Constantino Bellón**”, e máis da peza tradicional ou de autor.

7.2) A interpretación de ámbalas dúas pezas, no seu conxunto, non poderá sobrepasa-la duración de 5 minutos.

Tódolos finalistas recibirán unha peza de cerámica deseñada por Sargadelos, baseada nun óleo de Luís Seoane, cedido expresamente pola súa viúva Maruxa Seoane, para este concurso, e un Diploma acreditativo da súa participación no Concurso.

8.- A dotación do Premio será de 3000 € con dous accésit de 1000 €.

9.- **Concurso de composición para Gaita Galega Solista.**

10.- O Xurado cualificador valorará o emprego de xiros e técnicas propiamente galegos por parte dos finalistas e a súa decisión será inapelable.

11.- Como remate do Concurso, os finalistas interpretarán conxuntamente a peza obrigatoria. Para ilo, deberán traer unha gaita en DO, afinada a 440 Hz.

12.- O Ateneo Ferrolán patrocinará unha gravación do Concurso coa edición do mesmo en formato de disco compacto.

13.- O Prazo de inscrición remata o xoves 12 de xullo do 2007.

14.- A final terá lugar na cidade de Ferrol o día 31 de Agosto do 2006.

15.- Aqueles casos non contemplados nestes artigos serán decididos a criterio do Xurado. A participación no Concurso implica a total aceptación destas BASES.

□ **Concurso de composición para Gaita Galega Solista, requisitos:**
(Punto nº 9 do “Constantino Bellón”)

- 9.1) Poderán tomar parte todos os compositores que o desexen.
- 9.2) É obxecto deste concurso premiar a mellor partitura escrita para Gaita Galega Solista acompañada ou non, dun conxunto instrumental composto por un tope máximo de 40 instrumentos.
- 9.3) A composición ten que ser inédita, non ter sido estreada, nin haber sido premiada anteriormente en ningún outro concurso, nin haber sido obxecto de ningún encargo previo. Terá unha duración mínima aprox. de 5 min. e máxima de 12 min.
- 9.4) Os traballos presentaranse en dous formatos: a partitura orixinal impresa en papel; e, a mesma partitura, en soporte informático, axuntando copia do programa no que estea configurada (agás Encore ou Finale) ao enderezo do Ateneo Ferrolán.
- 9.5) Este traballo virá nun sobre pechado identificado co pseudónimo adoptado. Neste sobre deberá incluírse outro co mesmo pseudónimo no exterior e cos seguintes datos persoais no interior: nome, apelidos, enderezo e teléfono.
- 9.6) O prazo de presentación das partituras rematará o día 2 de xullo de 2007.
- 9.7) A dotación do premio será de 2000 €.
- 9.8) O premio poderá ser declarado deserto.

□ **“Gaitero de Soutelo”**
(Punto nº 5 do “Constantino Bellón”)

a.- Co gallo de promoción da participación da Galicia do exterior no Concurso “Constantino Bellón”, a Consellería da Emigración convoca o Premio **“Gaitero de Soutelo”**.

b.- Poderán participar tódolos gaiteros dos centros galegos ou institucións da Galicia do Exterior.

c.- Os concursantes deberán enviar á Consellería da Emigración:

- 1) Un CD gravado coa peza “Danza do gato e o rato”, de **Iván Costa Blanco**, facendo constar na mesma o pseudónimo adoptado.
- 2) Partitura orixinal dunha peza de composición inédita, creada expresamente para este Premio, así como copia doutra tradicional ou de autor.

d.- PLICAS. Os concursantes enviarán o CD nun sobre pechado cun pseudónimo identificador. Conxuntamente, noutro sobre escrito por fora co mesmo pseudónimo, deberán facer constar os datos persoais do participante: nome e apelidos, enderezo, país de residencia e nome do centro ou institución galega pola cal se presenta. No mesmo deberán incluílo orixinal da partitura inédita presentada ó Premio **“Gaitero de Soutelo”**, e máis a copia da tradicional ou de autor.

e.- PRAZO. O prazo de presentación remata o luns día 25 de xuño do 2007.

f.- PREMIOS. Os premios **“Gaitero de Soutelo”** consistirán na asistencia e participación, cos gastos de desprazamento e estadia pagados, ó concurso “Constantino Bellón”, que organiza o Ateneo Ferrolán o 31 de agosto do 2007, na cidade de Ferrol (Galicia).

* Habrá catro premios .

Mención de Gaita Galega "Constantino Bellón"

O Ateneo Ferrolán, en liña coa súa defensa e promoción das artes, na súa faceta de música, coincidindo co Concurso de Gaita "Constantino Bellón", CREA unha mención honorífica, dirixida a aquelas persoas ou entidades que destacaron polo seu traballo a prol da música galega.

1.- A Mención de Gaita Galega "Constantino Bellón" consta de dúas modalidades, da mesma categoría: "Gaita de Ouro" dirixida á figura do gaiteiro, artesán, investigador ou persoa a nivel individual, e "Gaita de Prata" para colectivos ou entidades:

1) **Gaita de Ouro "Constantino Bellón"**

2) **Gaita de Prata "Constantino Bellón"**

2.- Este Premio outorgase tódolos anos, por parte do Ateneo Ferrolán, coincidindo coa celebración do Concurso de Gaita Galega "Constantino Bellón".

3.- Para a nominación de Mencions, o Ateneo Ferrolán solicitará do Xurado do Concurso de Gaita Galega "Constantino Bellón" a súa opinión que se reflexará nunha terna de candidatos a valorar, quedando a nominación e concesión final baixo os criterios do Ateneo Ferrolán.

4.- A presente Mención será de carácter honorífico e non económico, non estando suxeita a ningún tipo de compromiso por ambas dúas partes, a non se-lo propio e moral que conleva o recoñecemento público da labor efectuada polos galardoados .

MENCIONS CONCEDIDAS

Ano 1995	Mención Gaita de Ouro Mención Gaita de Prata	Quinteto Tradicional "Raparigos" Carlos Zaera Landeira
Ano 1996	Mención Gaita de Ouro Mención Gaita de Prata	Antón Corral, Universidade Popular de Vigo Grupo Tradicional "Os Garceiras"
Ano 1997	Mención Gaita de Ouro Mención Gaita de Prata	José Seivane Rivas, artesán Grupo Tradicional "Os Rosales"
Ano 1998	Mención Gaita de Ouro Mención Gaita de Prata	Emilio Corral Vázquez, gaiteiro Real Coro "Toxos e Froles"
Ano 1999	Mención Gaita de Oro Mención Gaita de Prata	Juan Bello Mallou "Os Montes"
Ano 2000	Mención Gaita de Oro Mención gaita de Prata	Enrique Otero Covelo Asociación Xuvenil "Xacarandaina"
Ano 2001	Mención Gaita de Oro Mención Gaita de Prata	Luciano Pérez Díaz "Faiscas do xabre"
Ano 2002	Mención Gaita de Oro Mención Gaita de Prata	Xosé López Bao, artesán Orfeón Terra Nosa
Ano 2003	Mención Gaita de Oro Mención Gaita de Prata	Rogelio Groba y Groba Escola de Gaitas de Ortigueira-Mención Especial a Xavier Garrote
Ano 2004	Mención Gaita de Oro Mención Gaita de Prata	José Luis Calle Programa de Radio "LUME NA PALLEIRA"
Ano 2005	Mención Gaita de Oro Mención Gaita de Prata	José Temprano Castro Conservatorio de Música Tradicional e Folk de Lalín
Ano 2006	Mención Gaita de Oro Mención Gaita de Prata	Alvaro Seivane Maside Grupo Milladoiro e a Manuel García Pereira(Lolete)